



Guía Docente			
Datos Identificativos			2023/24
Asignatura (*)	Comunicación oral	Código	613836052
Titulación			
Descriptores			
Ciclo	Período	Curso	Tipo
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa
Idioma	Galego		
Modalidade docente	Presencial		
Prerrequisitos			
Departamento	Letras		
Coordinación	Peres Vigo, Alexandre	Correo electrónico	alexandre.pvigo@udc.es
Profesorado	Peres Vigo, Alexandre	Correo electrónico	alexandre.pvigo@udc.es
Web			
Descripción xeral	Estudo das características diferenciais da comunicación oral, as súas técnicas e modalidades, con atención especial á comunicación oral en contextos formais.		

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Que o alumnado sexa quen de aplicar os contidos teóricos da materia (postos en relación cos das outras materias do mestrado) para desenvolver un pequeno traballo tutelado rigoroso en que demostre capacidade para a aprendizaxe autónoma e para a procura e xestión da información.		AI10 BI1 BI3 BI5 BI6	CM7
Após a lectura reflexiva dos materiais bibliográficos indicados polo docente, ser capaz de emitir no obradoiro e nas discusións dirixidas comentarios valorativos madurecidos e fundamentados nas últimas investigacións do campo, respetando as opinións diferentes e establecendo con elles un diálogo produtivo.		BI1 BI2 BI3 BI8 BI10	CM4 CM6
O estudantado deberá realizar con solvencia, calidade de lingua e rigor expositivo a presentación oral do traballo tutelado diante dos seus compañeiros e das súas compañeiras e deberá igualmente emitir un xuízo sobre a das outras persoas do curso en que se ponderen as estratexias expositivas empregadas.		BI1 BI4	CM4 CM5
O alumnado deberá ser quen de traballar en grupo -presencial ou asincronamente- na procura e xestión de información especializada, no comentario de bibliografía específica, na análise de textos orais e na definición de estratexias comunicativas acaídas a un contexto concreto.		AI7 BI4 BI5 BI7 BI8	CM4 CM8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A comunicación e os seus tipos	1.1. Comunicación e linguaxe: a comunicación humana 1.2. Comunicación oral e escrita 1.3. Comunicación oral primaria e secundaria
2. A comunicación face a face	2.1. Comunicación verbal e non verbal 2.2. Caracterización xeral dos textos orais 2.3. A oralidade informal. Análise da conversación



3. A comunicación oral en contextos formais	3.1. Aspectos pragmáticos: texto e contexto 3.2. Tipoloxía de textos orais formais 3.3. O uso da lingua na oralidade formal. Lingua e xénero
4. As intervencións e presentacións orais públicas	4.1. Preparación e técnicas de execución 4.2. Adecuación ao contexto comunicativo 4.3. O papel dos recursos tecnolóxicos

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	B7	6	0	6
Traballos tutelados	A7 A10 B1 B2 C6	1	14	15
Lecturas	B5 B6 B7 B10 C7	3	12	15
Obradoiro	B1 B2 B8 C5	2	12	14
Presentación oral	B8 B10 C4	1	6	7
Discusión dirixida	B3 B4 C4 C6 C7 C8	2	12	14
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.
Traballos tutelados	Cada estudiante deberá elaborar un traballo dirixido polo profesor e elixido entre un abano temático presentado no inicio do curso. Con este traballo, de que derivará unha presentación oral, preténdese fomentar a aprendizaxe autónoma e o manexo de fontes documentais de diverso tipo.
Lecturas	Cada estudiante deberá facer ao longo do curso unha serie de lecturas obligatorias que serán seleccionadas e, eventualmente, fornecidas polo profesor.
Obradoiro	Nestas sesións, o conxunto do alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistrais, ben como das destrezas e das estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia.
Presentación oral	Exposición oral, na aula, en que cada estudiante explicará a metodoloxía, desenvolvemento e resultados da pesquisa realizada no "Traballo Tutelado".
Discusión dirixida	O alumnado discute de forma libre, informal e espontánea sobre un tema relacionado coa materia, ora presencialmente ora de maneira asíncrona (a través da plataforma de traballo colaborativo da UDC). Entre os temas de discusión incluiranse diversos aspectos das lecturas obligatorias, segundo a distribución feita polo profesor.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Traballos tutelados	Alén do labor de titorización realizado no horario de atención marcado polo profesorado responsable da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente para o apoio á realización do "Traballo Tutelado". De maneira xeral, cada estudiante asistirá polo menos a unha sesión de atención previa á exposición do traballo. Poderánse adoptar as adaptacións oportunas para o estudiantado con modalidades específicas de aprendizaxe.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación



Discusión dirixida	B3 B4 C4 C6 C7 C8	Valorarase nomeadamente a participación activa nas discusíons e a calidade das intervencións, tamén no relativo ás lecturas obligatorias.	20
Obradoiro	B1 B2 B8 C5	Realización de actividades prácticas grupais derivadas das sesións maxistrais (análise de textos orais, estudo de fontes documentais etc.).	30
Lecturas	B5 B6 B7 B10 C7	Lectura reflexiva dos materiais bibliográficos indicados polo profesor. Esta metodoloxía será avaliada no obradoiro e nas discusíons dirixidas.	10
Traballos tutelados	A7 A10 B1 B2 C6	Valorarase fundamentalmente a profundidade e o rigor da pesquisa, a clareza expositiva e a calidade expresiva.	20
Presentación oral	B8 B10 C4	Cada estudiante deberá facer unha presentación oral do traballo tutelado. Serán valorados os resultados da pesquisa, o rigor expositivo, a calidade da lingua utilizada e os recursos e estratexias expositivas empregadas.	20

Observacións avaliación

1. Para superar a materia, será condición indispensábel ter realizado e presentado o traballo tutelado e obter unha cualificación mínima de 4 valores sobre 10 no obradoiro.
2. Todas as actividades deberán ser entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no cronograma que o profesorado fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e pendurará na plataforma moodle.3. A data de entrega das actividades non superará as 2 semanas despois da finalización do curso e será anunciada polo profesor con antecedencia suficiente.
4. Calquera falta de honradez académica (plaxio, é dicir, utilización de textos ou ideas doutros autores sen indicar a procedencia, copia en exercicios ou traballos, ou outras variabeis destas características) será penalizada coa anulación total da actividade de que se trate e a penalización correspondente en virtude da normativa vixente.
5. A materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade. De ser o caso, deberán contactar cos servizos disponíbeis na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Filoloxía (no seguinte endereço electrónico: pat.filoloxia@udc.gal).
6. Será considerado Non Presentado aquel alumno ou alumna que non presentar o traballo tutelado e/ou non participar na realización do obradoiro.
7. Na segunda oportunidade (convocatoria de xullo) será aplicado o mesmo sistema de avaliación fixado para a primeira oportunidade. O prazo para a entrega de traballos será anunciado polo profesor con antecedencia suficiente.
8. O estudiantado a tempo parcial e con dispensa académica terá o seguinte sistema de avaliación: lecturas (30%), obradoiro (30%) e traballo tutelado (40%). Realizará ou entregará as actividades obligatorias nunha data concertada previamente co profesor.
9. Na convocatoria adiantada de decembro será aplicado o mesmo sistema de avaliación establecido para o estudiantado a tempo parcial e con dispensa académica.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Fernández Rei, Elisa & Regueira, Xosé Luís (eds.) (2008). Perspectivas sobre a oralidade. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega- Hernández Guerrero, José Antonio & García Tejera, María del Carmen (2004). El arte de hablar. Manual de Retórica Práctica y de Oratoria Moderna. Barcelona: Ariel- Kerbrat-Orecchioni, Catherine (2006). Análise da conversação. Princípios e métodos. São Paulo: Parábola- Koch, Ingodore G. Villaça (1992). A inter-ação pela linguagem . São Paulo: Contexto- Merayo, Arturo (2012). Curso práctico de técnicas de comunicación oral. Madrid: Tecnos- Morales, Carlos Javier (2007). Guía para hablar en público . Madrid: Alianza- Ong, Walter (2002). Orality and literacy. New York: Routledge- Regueira Fernández, Xosé Luís (2012). Oralidades: reflexións sobre a lingua falada no século XXI. A Coruña: Real Academia Galega- Studer, Jürg (2000). Oratoria. El arte de hablar, disertar, convencer. Madrid: El Drac- Câmara, J. Matosso (1986). Manual de Expressão Oral & Escrita. Petrópolis: Vozes
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Ballenato Prieto, Guillermo (2013). Comunicación eficaz. Teoría y práctica de la comunicación humana. Madrid: Pirámide- Collard, Gilbert (2012). El arte de hablar en público. Bilbao: Mensajero- Davis, Flora (2011). La comunicación no verbal. Madrid: Alianza- Estrela, Edite et al. (2004). Saber Escrever Saber Falar . Lisboa: Dom Quixote- Domínguez Dapena, Cristina (2004). Técnicas de expresión oral. O uso expresivo da voz. Vigo: Galaxia- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2006). Gramática da lingua galega IV. Gramática do texto. Vigo: A Nosa Terra- Freixeiro, Xosé Ramón & Ríos, Marisol & Filloy, Lucía (eds.) (2008). Lingua e Comunicación. IV Xornadas sobre Lingua e Usos. A Coruña: Universidade da Coruña- Gimeno Terraza, I et al (2000). Expresión oral. Hablar bien en público. Barcelona: Larousse- López Viñas, Xoán et al. (2010). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Baía- Regueira Fernández, X. L. (2013). Estándar oral e modelos de lingua. A letra miúda 2 (http://coordinadoraendl.org/aletramiuda/index.php?art=art2_n2.html)- Santiago Guervós, J. de (2005). Principios de comunicación persuasiva. Madrid: Arco Libros- Verderker, Rudolph F. (2000). Comunicación oral efectiva. México: International Thompson <p>
</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías